



Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT
A Coruña



Deputación
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

CONSULTA AS NOVIDADES!

31 de maio 2024

-Últimos días para inscribirse no Encontro ClubUE! - ata o 4 de xuño

Tes interese en ampliar as túas competencias en ciberseguridade e o uso responsable e seguro de Internet? Non perdas o #EncuentroClubUE! Son tres días de formación pero tamén de intercambio de experiencias en Oviedo.

-Contratos e bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas - ata o 27 de xuño

A Xunta convoca sete bolsas de formación e cinco prazas de contratación dun máximo de tres anos en centros de estudos galegos en universidades do exterior.

-Prácticas en eu-LISA - ata o 27 de xuño

A axencia da UE para a Xestión Operativa de Sistemas Informáticos de Gran Magnitude no Espazo de Liberdade, Seguridade e Xustiza convoca prácticas remuneradas de seis meses en recursos humanos, comunicación, protección de datos, seguridade, investigación e administración.

-Prácticas no Centro Europeo para Linguas Modernas - ata o 30 de xuño

Formación de seis meses no European Centre for Modern Languages nas áreas de programación, documentación e recursos, web e administración.

-Bolsas de formación en biblioteconomía e documentación e de xestión documental e arquivística do Tribunal Constitucional - ata o 1 de xullo

Unha bolsa remunerada dun ano a sobre o estudo e tratamento bibliográfico das monografías e as publicacións periódicas da biblioteca do tribunal e dúas bolsas, coas

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

mesmas condicións, na xestión documental e arquivística dos seus fondos documentais.

-Bolsas Blas Cabrera de iniciación á investigación, a docencia e a innovación científica - ata o 19 de xuño

80 axudas para participar na aula de verán Blas Cabrera, que se celebrará na sede de Santander da UIMP do 5 ao 9 de agosto.

-Bolsas para a aula de verán Ortega e Gasset da Universidade Internacional Menéndez Pelayo - ata o 19 de xuño

80 axudas para participar na Aula de Verán Ortega e Gasset, organizada en colaboración co Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, e que se celebrará na sede de Santander da UIMP do 12 ao 16 de agosto.

-Bolsas SERÉ para a preparación de probas de ingreso nas Carreiras Xudicial e Fiscal, o Corpo de Letrados da Administración de Xustiza e o Corpo de Avogados do Estado - ata o 14 de xuño

O Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes convoca 1.000 bolsas para eliminar as barreiras socioeconómicas que limiten o acceso a estes Corpos e afectan os principios de igualdade, mérito e capacidade.

-Bolsas de colaboración en departamentos universitarios para o curso académico 2024-2025 - ata o 19 de setembro

O Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes convoca 2.431 bolsas de colaboración de departamentos universitarios para estudantado de último curso ou máster.

-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade:

-Defensa legal dos dereitos das mulleres que sofren violencia en Bolivia - ata o 31 de xullo

Voluntariado dun ano no Centro de Promoción da Muller Gregoria Apaza de El Alto para dar apoio nas súas tarefas.

-Voluntariado no Rural Youth Festival 3.0 en Rumanía - sen prazo

Sete semanas de voluntariado para axudar na organización do festival.



E lembra!

-Prácticas na Empresa Común Europea para o ITER e o Desenvolvemento da Enerxía de Fusión - ata o 10 de xuño

Prácticas de 12 meses nas oficinas de España, Francia e Alemaña para postos técnicos, de xestión de proxectos, comercial e administración.

-Prácticas na Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea - ata o 17 de xuño

Formación remunerada de seis meses en Viena para diferentes formacións.

-Prácticas na Autoridade Laboral Europea - ata o 31 de maio

A ELA oferta 19 prazas de formación remunerada de entre seis e 12 meses nas oficinas de Bratislava para diferentes perfís.

-Bolsas de formación da Fundación Galicia Europa en asuntos relacionados coa Unión Europea - ata o 17 de xuño

Catro prazos para persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de FP para prácticas en Bruxelas sobre asuntos relacionados coa UE.



Coñeces o noso ClubUE?

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR



Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765